



DOCUMENTOS

CTNL 1

Revisar a corrección

**Obxectivos e métodos para unha
reparación textual eficiente nos
servizos de normalización lingüística**

Manuel Bermúdez Blanco

Ctnl

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Título

*Revisar a corrección
Obxectivos e métodos para unha reparación textual eficiente
nos servizos de normalización lingüística*

Autor

Manuel Bermúdez Blanco
Responsábel da Área de Asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística
da Universidade de Santiago de Compostela

Colección e número

Documentos CTNL 1

Edita

Ctnl

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Apdo. de Correos 170
Santiago de Compostela
CIF: G-15542897
629 571 950
info@ctnl.org
www.ctnl.org

Colabora



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

www.xunta.es/linguagalega

Deseño da portada

gendeestudio

www.gendestudio.com

ISBN: pendente

Novembro de 2009


0 BREVE APUNTAMENTO HISTÓRICO	5
1 A CORRECCIÓN DE TEXTOS NUN SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	6
1.1 A DISCRIMINACIÓN DE TEXTOS	7
1.2 A ESTIMULACIÓN DA AUTONOMÍA LINGÜÍSTICA.....	7
2 A CORRECCIÓN PROCESAL	9
3 LÍMITES DA CORRECCIÓN	10
3.1 QUE CORRIXIR	10
3.2 OS LÍMITES DA CORRECCIÓN	11
4 A XESTIÓN DA CORRECCIÓN	14
4.1 A IDENTIFICACIÓN DO USUARIO	16
4.2 A IDENTIFICACIÓN DO TRABALLO	17
4.3 OS PRAZOS	22
4.4 ESIXENCIAS ANTES DE COMEZAR	23
5. TÉCNICAS DE CORRECCIÓN	24
5.1 O VERIFICADOR AUTOMÁTICO	24
5.2 CORRECCIÓN DA TOTALIDADE	27
5.3 CORRECCIÓN PARCIAL	27
5.4 CORRECCIÓN ANALÍTICA.....	28
5.5 CORRECCIÓN SELECTIVA.....	30
5.6 A ESCOLLA DA TÉCNICA	31
6. DIDÁCTICA DA CORRECCIÓN	32
6.1 POR QUE NON TRANSMITIR O BEN FEITO?.....	34
7 O ASPECTO DA CORRECCIÓN	36
7.1 NO ORDENADOR	36
7.2 SOBRE O PAPEL	38
8 CONCLUSIÓNS	40
9 BIBLIOGRAFÍA	41

REVISAR A CORRECCIÓN

OBXECTIVOS E MÉTODOS PARA UNHA REPARACIÓN TEXTUAL EFICIENTE NOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Isto que estás comezando a ler é froito da experiencia do traballo durante anos nos labores de asesoramento nun servizo lingüístico universitario. Non vas atopar teorías tiradas de fontes bibliográficas, aínda que moitas das ideas que aquí se verten estean recollidas dalgunhas lecturas feitas nestes anos. Tampouco vas atopar referencias a estudos nin a investigacións feitas sobre o tema da corrección textual. Aquí hai un feixe de ideas que nacen na procura de reformular os labores de corrección e darlles sentido no proceso de normalización lingüística.

Esta formulación vouna basear en dous piares: en primeiro lugar, considero que é necesario **equilibrar os esforzos** que os servizos lingüísticos lle dedican á corrección de textos. Os recursos son limitados e cómpre planificarmos os recursos que imos dedicar a este labor e establecermos os resultados que se perseguen; en segundo lugar, hai que procurar que a propia tarefa de corrección vaia máis aló da simple reparación dos erros dun texto. A corrección no ámbito normalización do idioma ten que perseguir, tamén, obxectivo de **formar o escritor**.



Propoño un modelo de corrección baseado na revisión do proceso creativo. Tratarei asuntos domésticos que se deben ter en conta no proceso da corrección (prazos, traballos que se aceptan...). Ademais recomendarei algunhas técnicas de corrección axeitadas a cada tipo de texto. Tratarei, así mesmo, de establecer onde están os límites que se debe poñer o corrector de textos desenvolvendo o seu labor. Por último, darei algunhas propostas para comunicarmos as correccións, coa finalidade de que a reparación de textos cumpra a función formativa que reclamamos.

É o momento de nos preguntar para que vale o que estamos a facer e cal é a rendibilidade que se lle tira ás tarefas de asesoramento lingüístico tal e como se enfoca na actualidade. Reformulámonos o xeito de traballar forma parte da nosa responsabilidade e isto non é máis ca unha proposta.

0 Breve apuntamento histórico

A comezos da década dos oitenta o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Lei de normalización lingüística (LNL) convértense nos dous piares básicos para poñer a andar os primeiros proxectos normalizadores na contorna galega. Foi nesta década dos oitenta cando se crearon servizos de tradución inseridos nos organigramas dalgunhas institucións. Neste primeiro momento, os servizos tiñan como misión básica a tradución da documentación administrativa. Isto foi importante e non debemos hoxe restarlle valor. Grazas ao labor de tradución o galego volveu aos lugares de onde estivera desterrado ou nos que nunca estivo.

Despois desta primeira etapa, os servizos de tradución van adaptándose a unha realidade que vive en permanente cambio. A sociedade leva anos escolarizándose en galego e os medios de comunicación -con mención especial á TVG- fan que o galego gaña un estatus antes descoñecido, o que facilita que a lingua galega se introduza como lingua de uso en moitos ámbitos dos que estaba excluída. A sociedade embárcase timidamente nun proceso de normalización que non é quen de compensar a substitución lingüística puxante e pertinaz que chega ata os nosos días. É entón cando os servizos de tradución transfórmanse en servizos de normalización, como xeito de adaptación a esta nova realidade. Entramos na década dos noventa e moitas institucións crean servizos de normalización, algúns deles estables. Os traballadores destes servizos asóciense¹ para constituíren o colectivo e formalo. Reclaman sen éxito a constitución dunha rede comarcalizada de servizos lingüísticos² como estrutura eficaz e responsable de chegar a cada recuncho do país.

Na actualidade estamos ante unha sociedade diferente e, porén, os medios e os sistemas para loitar contra a súa desgaleguización son os mesmos, ou sexa, escasos, desestruturados e sen unha planificación que marque as liñas que se seguen. En concreto, os servizos lingüísticos, case sempre unipersoais, seguen a traballar exclusivamente na área de asesoramento -traducen e corrixen- e deixan as tarefas de dinamización lingüística e de formación sen emprenderen.

¹ A Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) é unha asociación de carácter non lucrativo de ámbito galego que foi creada en 1996 co obxectivo xeral de procurar paliar as principais eivas no traballo de normalización lingüística en Galicia.


² Preséntase a proposta de comarcalización de servizos nos Encontros de Normalización Lingüística do ano 1998.

³ Como mostra o Mapa Sociolingüístico de Galicia, case o 60% da poboación galega di que o que se debe falar en Galicia é o galego; un 40% di que se deben falar as dúas linguas.

1 A corrección de textos nun servizo de normalización lingüística

A corrección de textos nun servizo de normalización lingüístico ten uns obxectivos diferentes ca noutros ámbitos. Na corrección no ámbito editorial, por exemplo, o a finalidade fundamental é facer textos mellores, de máis calidade. No sistema educativo o proceso de corrección debe, aínda que desgraciadamente non sexa o habitual, perseguir formar o alumnado. Porén, nun servizo de normalización lingüística os obxectivos da corrección están en dous planos. Como a corrección editorial, persegue a consecución de textos correctos e normalizados. Isto afecta ao plano institucional, onde existe o obxectivo de xerar textos libres de erros e comunicativamente correctos; que se entendan e que cumpran a función para os que foron creados. E como no ámbito do ensino, persegue o cambio no individuo, pois a súa formación lingüística vai ser a base da consistencia do proceso de normalización.

Obxectivos da corrección no ámbito da normalización:



A corrección no eido da normalización non se debe conformar con lograr textos correctos. A corrección neste ámbito debe compatibilizar este propósito co de facilitar a formación lingüística de quen escribe. É dicir, o obxecto da corrección non é só o texto; o individuo, como escritor, convértese nun obxectivo fundamental. Polo tanto, o cambio que propoñemos pasa por reformular os labores de corrección, que non pode converterse nun fin en si mesmo. Este debe estar encadrada dentro do proceso de normalización lingüística e axudar no cambio social e individual perseguido sen consumir todos os recursos dispoñibles.

1.1 A discriminación de textos

Coa capacidade que existe hoxe en día de xerar documentos, a corrección lingüística pode converterse non só no principal labor dun servizo senón no único⁴, o que constituirá un obstáculo no proceso de normalización. A reformulación dos traballos de corrección pasa por determinar cal é o seu obxecto e centrarse nos traballos transcendentales. É importante corrixir unha carta que manda unha persoa a outra dentro dunha administración? Seguramente non. O servizo lingüístico que traballa nesa administración debe ter cousas moito máis produtivas que facer. Máis exemplos. No SNL da Universidade de Santiago corrixíanse ata hai uns anos os proxectos de fin de carreira do alumnado das enxeñarías. Era moito esforzo e absolutamente ineficiente⁵. O resultado foi que tivemos que reformular⁶ os labores de asesoramento lingüístico do SNL e facelos máis produtivos.

Na procura da eficiencia, a corrección nun servizo de normalización debe deixar a un lado a corrección masiva de textos e centrala na corrección de textos seleccionados, é dicir naqueles documentos que teñen transcendencia no proceso de normalización, de xeito que se renuncia á corrección de todos e cada un dos documentos que se xeran nunha contorna determinada. En consecuencia, a organización dos labores de asesoramento pasa por elixir os textos que van ser obxecto do traballo de corrección.

1.2 A estimulación da autonomía lingüística

A corrección no ámbito da normalización lingüística debe procurar individuos autónomos lingüisticamente. Pola contra, estes anos de corrección paliativa – baseada na busca do erro obsesivamente– provocaron unha síndrome sobre quen escribía en galego de discapacitación lingüística. A corrección, tal e como se veu desenvolvendo, converteuse nun elemento negativo para a normalización do idioma ao converter o usuario do servizo nun individuo lingüisticamente dependente. Este acaba por necesitar en todo momento un revisor de textos para lle indicar, unha vez

⁴ Cómpre establecer e facer pública unha carta de compromiso que indique cales son os documentos corrixibles e cales non se van corrixir. Neste último caso, deberase dar información e recursos aos usuarios para corrixiren eles os documentos de maneira autónoma.

⁵ Un proxecto podía ter unha extensión de cincocentas páxinas inzadas con terminoloxía específica. Podía levar corrixilo uns dez días laborables (cincuenta páxinas por día). Como a xornada anual é de pouco máis de dous centos días (fins de semana, vacacións, días de asuntos propios), o cálculo dá en que un técnico en normalización lingüística dedicaba unha parte de vinte no ano en corrixir un documento que ían ler os (tres) membros do tribunal. A corrección dese traballo custaba ao redor de 1500 euros (resultado de dividir 30000 euros brutos anuais entre 20).

⁶ A maior parte do alumnado que optaba por facer o proxecto en galego tiñan unha competencia na escrita elevada; formáranse en galego durante todo o período educativo. Propuxémoslles formalos a través do programa de formación do SNL cun curso que chamamos *Curso de redacción e deseño de traballos de investigación* e, unha vez que tiñan feito o proxecto, ofrecíámoslle unha impresión con calidade láser. Con esta actuación, e sen corrixir os seus textos, pasamos de trinta proxectos ao ano a cento vinte e seis.

⁷ Isto é unha práctica moi estendida. O texto escrito está sacralizado de máis e, por ese motivo, téndese a considerar que calquera texto –mesmo unha nota enriba da mesa– debe cumprir uns estándares de corrección ca documentos que van ter funcións diferentes, e que van constituir procesos comunicativos distintos.

máis, onde fallou, o que se converte en pernicioso para a normalización do idioma, malia que os actores do proceso, corrector e escritor, poidan sentirse cómodos en cadanseu papel⁸.



Ao pé disto, o castelán sae reforzado como código de comunicación, ao non ter evidencias de problemas que carrega o seu uso. Ninguén lle di neste idioma os desacertos cometidos, de tal maneira que se converte nun idioma amigo e amable.

Saber determinar en que documentos hai que centrarse, a forma de enfrontarse á corrección e a transmisión do erro, será determinante para a consecución de escritores autónomos ou dependentes. O proceso de corrección textual non pode ser un estorbo para a consecución da necesaria emancipación lingüística do escritor nunha sociedade normalizada. A presenza do corrector ten que ser medida e adecuada. O contrario pode causar só bos textos que en nada se parecen aos creados polos seus escritores. Causará un desligamento entre o que escribe e os seus escritos, entre o escritor e a súa lingua. A intervención, polo tanto, basear na sutilidade e no respecto, e tendo sempre en conta que os textos son dos seus escritores. Sen dotar o escritor de autonomía co seu idioma non existe futuro para un idioma.

⁸ Na experiencia de todos estes anos, teño visto a moitos usuarios do SNL da Universidade de Santiago que tiñan unha relación con nós indesexable. Acabaron pensando que todo o facían mal. Eran incapaces de desenvolverse cun mínimo de normalidade. Eran sensibles de máis á saúde da súa escrita; convertéronse, con algunha axuda pola nosa parte, en *hipocondríacos lingüísticos*. Houbo que “curalos” deste mal a través da formación personalizada. E esta consistía, basicamente, na relativización do erro.

2 A corrección procesal

A corrección procesal, sobre a que se basea a nosa proposta, traballa a reparación de textos durante o seu proceso de creación como base para cambiar o hábito de quen escribe e, ao tempo, formalo. No outro lado, o obxecto da corrección tradicional é o produto final. O que se corrixe é a versión que o autor dá xa como finalizada, no canto de corrixir borradores ou versións intermedias entre o papel en branco e a derradeira versión. Un e outro sistema determinan a forma de traballar e tamén dan froitos ben diferentes. Coa proposta da corrección procesal preténdese conseguir formar lingüisticamente o individuo dun xeito global e responsabilizalo do acto da escrita, acto que comeza e remata nel.

Corrección tradicional	Corrección procesal
<ul style="list-style-type: none">• A corrección do texto faina un alleo• É, sobre todo, responsabilidade do profesional (profesor, editor, lingüista...)• Baséase na corrección ortográfica e morfolóxica• Valóranse os escritos igual• Todos os textos deben quedar perfectos• O obxectivo é o produto final	<ul style="list-style-type: none">• A corrección do texto faina tamén o seu creador• A responsabilidade da corrección recae no propio autor• Baséase na corrección global do texto• Valóranse as particularidades de cada autor• Os textos deben ser razoablemente correctos• O obxectivo son os borradores

Táboa adaptada recollida da obra de Daniel Cassany *Reparar l'escriptura*⁹.

Na corrección tradicional o obxecto da corrección é mellorar a forma do texto. Na nova proposta para a corrección trabállase sobre o que escribe e sobre os seus hábitos na escrita. Mellóranse os seus defectos e trabállanse as súas virtudes, de maneira que aqueles queden minguados e estas queden fortalecidas.


⁹ *Reparar l'escriptura. Didáctica de la corrección de l'escrit.* Barcelona: Graó Ed./ICE Universitat de Barcelona, 1993

3 Límites da corrección

3.1 Que corrixir

A corrección tradicional baséase na limpeza formal do texto e céntrase na reparación de erros ortográficos e morfolóxicos. Non se valora se o texto responde ao que se quere transmitir nin se penetra noutros aspectos lingüístico que merecerían ser obxecto da corrección: a sintaxe, a cohesión, a coherencia, a adecuación e aspectos ortotipográficos e de deseño documental. A corrección que non se introduce nestes aspectos non vai conseguir os seus obxectivos fundamentais: lograr textos correctos e formar a quen escribe.

Corrixir globalmente produce ademais un efecto moi desexable: diagnosticar cal é o nivel de competencia real de quen escribe.



Coa corrección que se propón gañaríamos un escritor máis consciente da súa realidade lingüística global, que non acharía as súas incorreccións na escrita a un código concreto: o galego. A corrección global mellora a calidade dos textos á parte de carrexar outras vantaxes para a saúde do idioma ao mellorar a relación do usuario coa lingua. Este está afeito a que se lle corrixan –cando escribe en galego– aspectos centrados no ámbito normativo. Acentuamos palabras, poñemos *bes* e *uves* e a consecuencia, lóxica, é transmitírmolles a idea de “non sabes galego”. A razón é que existe unha relación directa entre lingua e norma que está moi asentada socialmente; pénsase que non coñecer a norma e non saber a lingua. Ademais, como sabe acentuar en castelán (polo menos ninguén lle fai notar o contrario) acaba a ecuación así: domino o castelán e non domino o galego; o resultado é: uso o idioma que mellor coñezo. Frases como: “en galego non sei”; “reitor en galego vai con minúscula? Mira ti!”, “volveu cambiar a norma outra vez”, etc. que denotan que quen así se expresa deixa claro que é o galego é un idioma inestable e que el ten problemas co galego e só co galego.

Se corriximos, pola contra, un texto por ser incoherente ou por non ter unha estrutura correcta, a persoa corrixida vai pensar que, probablemente, esas características son comúns a todos os textos que faga sen importar o código que

empregue. Unha persoa que faga textos sen cohesión vainos facer en todos os idiomas que utilice. Polo tanto, corrixir nos textos galegos estes aspectos vai transmitir unha idea que é interesante para a normalización do noso idioma: cometes erros, pero en todos os idiomas que empregas. Rompemos así o pensamento nocivo que leva a razoar que utilizo tal idioma porque sei e non utilizo estoutro porque non o domino.

3.2 Os límites da corrección

No mellor dos casos, o resultado da corrección ha ser un documento limpo formalmente. Pero, que hai dos contidos? Como están dispostos? Enténdese todo? Hai ambigüidades?... O corrector adoita non entrar nese terreo por formar parte do couto privado do autor. O que corrixe vese moralmente capacitado, é o seu traballo, para lle dicir ao escritor que *subhasta* vai con *h* intercalado, porque así vén nos dicionarios. Pode corrixir tamén un suxeito que non concorde co verbo. Pode facelo porque hai unha norma que soporta esa decisión. Pero, quen lle deu permiso para lle dicir ao escritor que non se lle entende, ou que os contidos están desordenados? A que norma aludir no caso de ser considerada improcedente a corrección? Considéranse elementos propios de quen os crea. Modificalos supón formar parte dun papel ao que o corrector non está chamado: o de coautor. Porén, pode o corrector corrixir a linguaxe sexista dun texto? En todos os casos?

Parece claro que o corrector non debe entrar nos contidos que o escritor introduce. Un corrector non é un editor, o oficio da corrección consiste na colaboración co escritor para mellorar un texto establecido, pero non mudar a súa natureza nin introducir novos contidos nin eliminar outros.

Un exemplo: nun texto científico como “*nun matrimonio onde él é rubio e ela morena como será o color do pelo dos seus fillos?*” hai distintos niveis de intervencións posibles:

Corrección superficial:

- 1) *Nun matrimonio onde el é rubio e ela morena como a cor do pelo dos seus fillos?* (corrección ortográfica e morfolóxica)
- 2) *Como serán os fillos dun matrimonio se el é rubio e ela morena?* (corrección sintáctica)

Corrección profunda

- 3) *Como será a descendencia dun matrimonio se el é rubio e ela morena?*
- 4) *Como será a descendencia dunha parella se el é rubio e ela morena?* (corrección ortográfica + sintáctica + estilo)

1) sería o nivel mínimo e máis habitual e 4) o máximo e menos frecuente. O nivel 1) está validado polas normas de acentuación e polas de formación do xénero; o nivel 2) non está prescrito en norma oficial ningunha, pero hai unha recomendación de utilizar a orde lóxica dos elementos e máis na linguaxe científica; isto podería abondar para propoñer esta corrección. Cos outros niveis é distinto: no caso 3) motívase na recomendación da utilización dunha linguaxe non sexista, mentres que o caso 4) se basea na necesidade de utilizar na linguaxe científica termos universais (parella) e non vinculados a unha realidade social e relixiosa concreta (matrimonio), que non achegan nada á carga xenética dos seus integrantes.

Un servizo de normalización vai corrixir documentos de carácter institucional (memorias, carteis, actas) e vai traballar con textos que teñen unha natureza e un propósito individual (tese de doutoramento, estatutos dunha asociación, etc). Uns textos e outros permiten distinto grao de intervención.

Documentos corporativos

Nos documentos corporativos un corrector do servizo da propia institución ten o grao máximo de intervención nos documentos. O autor é o propio organismo do que el forma parte. O servizo normalización ten a encomenda de velar pola calidade lingüística dos documentos que a institución produce e, para cumprir esta función, pode propoñer mudar no texto o que considere oportuno. O obxectivo fundamental aquí é crear textos correctos e estender un estándar de comunicación adecuado, intelixible e moderno. Unha comunicación normalizada. O servizo crea, a través de normas de estilo institucionais ou corporativas, e estende un estándar e tócalle tamén a el a súa aplicación¹⁰.

Neste ámbito pode:

- corrixir o que é manifestamente incorrecto;
- harmonizar entre variantes normativas: primar *ao* no canto de *ó*;
- harmonización estilística plena;
- eliminar a linguaxe sexista;
- eliminar contidos sobrantes;
- etc.

Así, nunha frase como: *Os alumnos da Universidade de Santiago solicitan máis frecuencia das tutorías**, existen dous niveis de incorrección. Un é o erro en **tutorías* que debe ser sempre substituído por *titorías*; o outro é a utilización da secuencia *Os alumnos* cando fai referencia ao estudantado de sexo masculino e feminino. Neste caso, o corrector ha de propoñer un termo neutro como *alumnado*. Se fose un documento persoal (unha tese de doutoramento, por ex.) o corrector só deberá facerllo notar cunha recomendación nun comentario á parte.

Documentos de autoría e propósito individual

Un servizo de normalización tamén ten que traballar con textos que teñen unha autoría persoal e que se van desenvolver comunicativamente dese xeito. Nestes casos a capacidade de actuación na corrección é moito máis limitada.

¹⁰ E aínda máis aló: lembro unha ocasión en que tivemos que corrixir unha necrolóxica que a USC quería publicar nos xornais. Á parte de poñer algún til que faltaba, propuxemos eliminar a cruz na necrolóxica. Houbo algunha alarma pero razón da nosa proposta non se baseaba na nosa ideoloxía nin nas nosas crenzas, senón en que a Universidade de Santiago é unha institución académica aconfesional. Ata aí pode chegar a corrección nos documentos corporativos.

Corrixirá:

- que é manifestamente incorrecto

Aconsellará:

- harmonización de estilo;
- eliminar a linguaxe sexista;
- eliminar contidos sobranceiros;
- novas redaccións.

Antes de corrixir, polo tanto, haberá que saber quen é o obxecto

Un exemplo: nun texto como “os alumnos da USC están distribuídos en dous campus. As estudantas son máis frecuentes nas carreiras de letras” o corrector debe corrixir de xeito diferente dependendo de quen vaia asinar o documento. Se aparece nunha memoria institucional, deberá corrixir:

- *Os alumnos* por *O alumnado*
- *As estudantas* por *As estudantes*

Se aparece, pola contra, nunha tese de doutoramento, o corrector poderá aconsellar a utilización de termos neutros, para eludir a linguaxe sexista. Tamén poderá advertir de que o termo *estudanta** non está recollido nos dicionarios normativos, aínda que é consecuente coa formación doutros femininos (presidenta, xerenta, etc.). Pero nada máis.


A capacidade de intervención nos textos depende do carácter máis ou menos corporativo. Nos casos de textos de carácter persoal hanse ter en conta dous principios que determinarán o proceso de corrección: o respecto ao creador e a fuxida da sobrecorrección.

4 A xestión da corrección

A xestión da corrección é o conxunto de actividades que se desenvolven desde que o usuario se pon en contacto solicitando o servizo de corrección ata que se dá por rematada a tarefa. Como se vai ver máis adiante, da boa administración do proceso vai depender, en boa medida, o éxito dos esforzos dedicados a este labor.

Anteriormente intentamos dar resposta a dúas preguntas fundamentais no proceso da normalización lingüística. Por que e para que se desenvolven determinadas tarefas no ámbito normalizador? A resposta a estas preguntas determinará que traballos hai que desenvolver e cales hai que rexeitar por seren pouco produtivos no proceso de normalización. Pola súa parte, a xestión da corrección intentará dar resposta a outras catro preguntas:


- Quen conforma a clientela do servizo? En definitiva, que contorno humano é o obxectivo dos traballos dun servizo?
- Que servizo se lles pode e se lles debe dar?
- Como se vai desenvolver a tarefa de corrección?
- Cando se deben executar os traballos?



A xestión da corrección ten que partir dun protocolo¹¹ no que se determinen os pasos que se han de dar no proceso de corrección. Improvisar, reaccionar de maneira irregular ou dar diferentes servizos para casos parecidos é o contrario de dar un servizo de calidade. O plano da xestión debe facerse de maneira coidadosa, debe ser dinámico e adaptarse ás novas realidades e aos novos casos que van ir xurdindo.

¹¹ Como o establecido polo SNL da Universidade de Santiago.

Plano para a xestión da corrección no SNL da Universidade de Santiago. Na parte superior aparecen os actores que interveñen no proceso. A partir de aí, nas partes inferiores represéntase a ruta que segue un documento ata que volve ao usuario, corrixido ou non (na parte inferior esquerda).



Cerrar pantalla completa

4.1 A identificación do usuario

O usuario real dun servizo lingüístico é aquel que pola súa natureza pertence ao seu ámbito de actuación e que solicita un servizo aceptable segundo os límites e condicións establecidas polo propio servizo.

Malia non existir unha arañeira completa e coordinada de servizos, os galegos e as galegas teñen unha unidade dedicada á normalización que lles podería dar servizo en determinadas condicións. Hai servizos territoriais, como o Servizo de Asesoramento Xunta de Galicia, os servizos das deputacións e os de ámbito local. Hainos tamén que afectan a diversos sectores: universitarios, xustiza, sindicatos, empresas, etc. Todos eles constitúen un corpo amorfo, sen unha estrutura definida, pero que acaban acaba por facer que cada un dos galegos sexa potencialmente usuario dun servizo lingüístico. Cómpre, daquela, establecer os límites de actuación en cada servizo, identificar o usuario e establecer unhas pautas de actuación para saber como actuar en cada caso concreto.

O traballador do servizo está sentado na súa mesa e chégalle, por diferentes vías, unha proposta de traballo. Antes de nada corresponde saber algunhas cousas que determinarán todo o proceso. En primeiro lugar, quen é a persoa que está do outro lado do teléfono, que acaba de mandar o correo electrónico ou que temos diante. Ten dereito a lle darmos ese servizo? Forma parte da institución para a que traballamos? É un dos *clientes* que o servizo ten establecido como tales ou, pola contra, é un traballo que hai que rexeitar pola propia natureza do interlocutor?

Un exemplo: un servizo médico dunha empresa só asiste aquelas persoas que a empresa determina. Non chega con estar enfermo, senón que é necesario cumprir a condición de formar parte do seu cadro de persoal. Pásase por alto este principio nos casos onde a vida corre perigo se hai desatención. Porén, no proceso de normalización lingüística existe esta particularidade, polo tanto non debora haber excepcións: un servizo lingüístico terá establecido de maneira clara a quen vai atender.

Quen son os usuarios dun servizo lingüístico universitario? A xente, servizos, unidades, organismos, etc. que a conforman a institución. Ao cabo, as persoas que traballan para ela (profesorado e persoal administrativo) e o alumnado que estuda nela. O resto non son obxecto do seu traballo (aínda que circunstancialmente se poida establecer algunha relación concreta¹²). Nos concellos os límites son máis difusos. A quen darlle servizo? Non chega con llo dar aos traballadores da institución, pois o límite de actuación constitúeo as persoas que viven no seu territorio.

¹² Excepcionalmente, dáselle servizo a empresas alleas á USC pero que nun momento concreto teñen unha relación contractual con ela. Este servizo cóbrase a prezo do mercado e non é un traballo que interese facelo estratéxicamente (as empresas teñen que desenvolver, por contrato, o seu traballo en galego), polo que o SNL da USC procura desviar eses traballos ao sector privado, coa única idea de que non se desatendan funcións que lle son propias.

4.2 A identificación do traballo

Hai documentos que non forman parte do traballo de corrección do servizo, mesmo sendo un *usuario propio* quen o pida. Non abonda con que unha persoa queira que se lle corrixa un texto, cómpre que o servizo decida que textos son merecedores de dedicarlles o esforzo que supón.

Unha profesora universitaria pide que o SNL lle corrixa un documento dun ámbito alleo á propia institución (un libro que lle vai publicar unha editorial, por exemplo). Como nos gusta axudar, tendemos a responder afirmativamente, malia sabermos que non forma parte das funcións dun servizo lingüístico universitario. As xustificacións da nosa actitude baséanse moitas veces na política de facer amigos aínda a custa de facer labores que non nos corresponden. A miña experiencia dime que isto non funciona así¹³.

Os traballos, tamén no ámbito da normalización, deben cumprir uns estándares de calidade, que consisten en determinar de que tipo de labor se trata e como se vai desenvolver. A actividade do técnico non se basea en ser máis amigable ca os demais traballadores, senón en ser un bo profesional (que difícil!!). A clientela dun servizo lingüístico compórtase cos mesmos parámetros que cando consome outros produtos. Non é diferente a cando utiliza outros artigos ou goza doutros servizos: existe (ou créase) unha necesidade e busca un servizo (un produto) para satisfacela. Moi pouca xente volve a un restaurante se a comida non é boa, se o servizo é lento ou se lle cobran caro, por moito que o camareiro demostre a súa simpatía. Polo mesmo, o traballador dun servizo lingüístico debe centrarse en dar o mellor servizo pero sempre dentro dos límites de actuación.

O SNL da Universidade ten establecidos uns límites que afectan á corrección que se ofrece aos membros da súa contorna. O texto que se presenta máis abaixo está tirado do seu web:

O SNL da Universidade só presta o servizo de corrección gratuíto aos membros da comunidade universitaria e cuns límites que el mesmo establece, para garantir, por un lado, que a corrección se converta nunha ferramenta normalizadora e, polo outro, que os medios limitados poidan chegar ao maior número de xente posible.

Con este obxectivo, os documentos que serán obxecto central da corrección serán aqueles que se caractericen polo seu carácter divulgativo e permanente. Os límites da corrección son, por sectores, os seguintes:

PAS

NON SE CORRIXEN	CORRÍXENSE
- Documentos de carácter persoal. - Memorias de servizos.	- Documentos de carácter profesional con alto valor divulgativo (carteis, follas informativas, dípticos, etc.) - Normas

¹³ Teño tomado cafés cada día con persoas que nunca utilizaron os servizos que eu daba e traballar a miúdo con persoas ás que practicamente non coñecía.


PROFESORADO

NON SE CORRIXEN	CORRÍXENSE
<ul style="list-style-type: none">- Documentos de carácter persoal.- Documentos cuxa finalidade é a de seren publicados por editoriais alleas á USC.- Documentos de escaso valor divulgativo.	<ul style="list-style-type: none">- Probas de exames- Apuntamentos para a docencia- Publicacións promovidas polo Servizo de Publicacións da USC.

ALUMNADO

NON SE CORRIXEN	CORRÍXENSE
<ul style="list-style-type: none">- Traballos de clase- Documentos de asociacións estudiantís sen carácter divulgativo	<ul style="list-style-type: none">- TIT, TAD, proxectos de fin de carreira, memorias de licenciatura e teses de doutoramento, segundo a convocatoria anual- Documentos de asociacións estudiantís con alto grao de divulgación

Os criterios polos que se establecen estes límites deben ser visibles e estables e van vir determinados polo seu carácter corporativo, pola súa difusión, pola súa permanencia e polo seu valor estratéxico.



- Carácter corporativo

Un servizo lingüístico dunha institución ou unha organización corrixe documentos que veñen de diferentes sitios dentro dela. Cada un deles ten un carácter máis persoal ou máis corporativo. Uns representan un individuo (un traballo de investigación, por exemplo) e outros representan a organización (por exemplo, as normas de urbanismo dun concello). Débense priorizar estes últimos, pois unha das funcións dun servizo lingüístico é velar pola calidade lingüística da súa institución.

Un exemplo: un director dun centro fai un documento para solicitar unha licenza sen soldo e fai tamén un documento onde se expoñen as normas de uso dunha biblioteca. A autoría dos dous documentos é a mesma pero no primeiro caso o documento é de carácter individual, a solicitude faina como traballador dunha institución e tendo en conta os dereitos que como tal ten, e no segundo é un documento institucional, por representar a dirección do centro, que é unha parte da institución.

Ademais, o carácter *+corporativo* dun documento débese ter en conta para decidir como se vai corrixir. Nestes textos o servizo ten o maior grao de intromisión dentro do texto. Pode traballar a calidade lingüística do documento aplicando as normas de estilo máis ortodoxas que veñen establecidas polo propio servizo.

- Carácter divulgativo

Canta máis xente vaia ler ese documento maior atención haberá que darlle á súa corrección. Un documento completa o seu percorrido comunicativo cando chega ao seu destinatario e cantos máis sexan estes máis efectos terá aquel. É interesante, tamén, facer a xerarquización da documentación que chega ao SNL polo seu carácter divulgativo. Trátase de ser máis rendible, é dicir, de que o esforzo se faga produtivo.

Atendendo este criterio, a corrección dun cartel dunha actividade cultural, por exemplo, terá preferencia sobre outra que vaia ter unha difusión menor, fóra da importancia real do documento. É máis importante dedicarlle tempo á corrección dunha *carta dos reis magos* nunha campaña de Nadal, que corrixir as actas da comisión de urbanismo dun concello ou as normas reguladoras do persoal médico dun centro de saúde, por máis que esas normas sexan determinantes para a sanidade dunha contorna.

En definitiva, o servizo deberá centrarse naqueles documentos con máis posibilidades de divulgación. Algúns destes traballos chegan ao servizo para a súa corrección, pero hai outros que haberá que saír a buscar¹⁴.

¹⁴ É aconsellable poñerse en contacto coas unidades xeradoras deste tipo de documentación: servizos de prensa, actividades culturais, obras e servizos, etc. para pactar con elas un xeito de traballo. Unha carta de compromiso que consista en lle dar prioridade aos seus traballos coa condición de que sometan cada un deles ao control do servizo lingüístico.



+ efectividade



- efectividade

A efectividade da corrección depende directamente do número de persoas que van ler o texto corrixido


- Carácter permanente

Os documentos *+permanentes* teñen máis posibilidades de se difundiren ca os efémeros. Estes teñen uns efectos pasaxeiros, ás veces uns días; aqueles, porén, teñen efectos perdurables. A rendibilidade da corrección, pois, depende tamén deste factor. Paga a pena darlle prioridade documentos que vaian estar vixentes durante tempo sobre outros que sexan efémeros. A rotulación dun centro de estudos ou as normas de urbanismo dun concello terán máis importancia, segundo este criterio, ca a corrección dun discurso dun alcalde ou dun reitor. Os seus efectos como textos vanse alongar no tempo, co que vai aumentar o seu número de destinatarios.

Un exemplo: Unha mañá deume a vista nos carteis que estaban a poñer uns operarios nos despachos das vicerreitorías de San Xerome (sede da Reitoría da USC); poñían vicereitor* de Profesorado, vicereitora* de Cultura. Houbo que devolver cada unha das placas de metacrilato e volver gravalas¹⁵.



+ efectividade



- efectividade

A efectividade da corrección dun texto depende do tempo durante o que vai existir

¹⁵ Os custos da reposición dos carteis tiveron que ser asumidos pola empresa, por non entregar o produto solicitado correctamente. Fixemos máis traballos con esta empresa e nunca máis deixaron de traer os textos ao SNL: custáballes cartos.

- Carácter estratéxico

Algúns documentos teñen máis valor ca outros no proceso de normalización lingüística dependendo da súa autoría e dos seus destinatarios. A contorna que se pretende normalizar non é un todo homoxéneo, senón que se compón de realidades diferentes que hai que ter en conta. Os diferentes sectores forman subgrupos con características propias que deberán ser atendidas. Son grupos á parte pola condición dos integrantes (profesorado universitario, inmigrantes, policía municipais, etc.); pola porcentaxe de normalización (sectores normalizados ou con normalización escasa); pola dificultade ou facilidade de asentado das accións normalizadoras (xuventude *versus* administración), etc.

Un servizo traballará os diversos sectores de maneira particular e os esforzos dedicados na corrección a cada subgrupo deben responder a unha planificación. Que interesa facer e por que? Así unha institución pode primar no seu labor normalizador un sector, un centro de traballo ou calquera ámbito, polo que os documentos que afecten a esa parcela deberán ser considerados como preferentes nun servizo lingüístico. Con esta idea, trátase de discriminar en positivo os sectores máis interesantes no proceso de normalización do idioma.

Un exemplo: No ámbito universitario, onde a docencia en galego rolda o 15%, traballar na corrección das unidades didácticas do profesorado ten moito valor no proceso de normalización. Pola contra, seguir concentrando o esforzo nos textos administrativos é malgastar os esforzos.

Análise global da documentación sobre as catro coordenadas

Segundo as catro coordenadas que acabamos de analizar, haberá documentos que teñan un gran valor normalizador e outros que carezan del. Os documentos que teñan catro valores positivos van ter un valor normalizador alto e os que teñan catro negativos non terán valor normalizador ningún. No medio, haberá documentos que combinen valores dun e outro signo e hanse ter en conta á hora de organizar o traballo no servizo


Como norma xeral, un servizo lingüístico non se debera ocupar da corrección de traballos que non teñan, polo menos, dous valores positivos nas catro categorías. Ademais, á hora de ordenar a execución dos traballos que chegan ao servizo háselle dar preferencia a aqueles que teñan máis valores positivos.

Como vemos na táboa de abaixo, un libro do Servizo de Publicacións responde positivamente ás catro coordenadas, polo tanto terá máxima preferencia por parte do SNL. No outro extremo atópase un traballo dun alumno, que aínda que responde positivamente ao valor estratéxico, ten consideracións negativas nas outras tres coordenadas.

	institucionalidade	divulgación	permanente	estratéxico
tese de doutoramento	-	-	+	+
discurso inaugural	+	+	-	-
conferencia profesor da USC	-	+	-	+
bases dunha convocatoria de bolsas	+	+	-	-
programación plurianual	+	+/-	+	-
cartel dunha actividade cultural	+	+	-	-
libro Servizo Publicacións	+	+	+	+
rotulación dun centro	+	+	+	-
memoria dun servizo	+	-	-	-
actas dun departamento	+	-	-	-
traballo alumnado	-	-	-	+

Táboa de valoración de varios tipos de texto segundo as catro coordenadas

Esta análise dos documentos deberase ver en conxunto e procurar concentrar o traballo de corrección en textos que teñan un valor normalizador positivo no conxunto das catro categorías.



Gráfica que representa o valor normalizador dalgúns documentos. Na parte superior a "Programación Plurianual da" e na parte inferior documentos de profesorado universitario non aplicados na docencia.

4.3 Os prazos

Os prazos deben intentar satisfacer o usuario sen que iso supoña aceptar uns tempos que sexan imposibles de cumprir. Os traballos e corrección non deben supoñer paralizar as demais actividades dun servizo (lembramos unha vez máis que a corrección é unha tarefa máis dentro dun servizo lingüístico e non debe ser a tarefa que fagocite o resto de actividades que se lle deben supoñer). É habitual que cando un texto chegue ao servizo para a súa corrección sexa "para onte". Pero os textos non lles nacen aos seus autores de súpeto. Non son un accidente que lles acontece. Normalmente un texto trabállase durante tempo; ás veces moito. Se se educa ao usuario do servizo en que é importante informar previamente de que está facendo un documento que vai necesitar unha corrección, a xestión dos tempos nun servizo mellora moito.

Un bo xeito de traballar con textos grandes é que os usuarios vaian enviando o documento por partes. Deste xeito pódese ir gañando tempo na corrección e ir informando ao autor das correccións que se lle están facendo no documento para que este os vaia aplicando nas partes aínda non enviadas á corrección. Cúmrese así un dos obxectivos formativos requiridos na corrección de textos.

4.4 Esixencias antes de comezar

Os documentos que un servizo lingüístico vaia corrixir terán que chegar cunhas condicións previamente establecidas. En primeiro lugar, os documentos deben ter unha mínima calidade lingüística e se non se cumpre, non debe haber problemas en rexeitalo. O corrector non pode facer de restaurador de textos. O usuario medio dun servizo lingüístico debe ter unha competencia mínima na escrita e debe dedicarlle tempo ao traballo de creación textual. Non son, pois, aceptables textos inintelixibles, con redaccións agramaticais e sen sentido. Corrixir este tipo de textos suporía dedicarlle moito esforzo e, amais, quitarlle a responsabilidade do texto ao seu autor.

Á parte disto, os documentos que entran nun servizo para a súa corrección deben cumprir uns requisitos que el mesmo debe establecer. Estas son as condicións establecidas polo SNL da Universidade de Santiago.

En papel

- Ter pasado un corrector ortográfico actualizado.
- Ter un tipo de letra mínimo de 12 ptos.

En soporte informático

- Ter pasado un corrector ortográfico actualizado.
- Comprobar que os arquivos están libres de virus.
- Mandar o arquivo nun formato o máis estándar posible.

5. Técnicas de corrección

Por sorte para os poucos individuos que viven da corrección -aínda que non para a lingua- as máquinas aínda non poden substituír o corrector de lingua. Aínda é imprescindible a lectura para localizar erros dentro dun texto. Temos a capacidade para facer o que fai un ordenador -malia non termos nalgún aspecto a mesma efectividade- e melloralas ao poder intervir no texto dun xeito global. O que corrixe pode facelo no ámbito ortográfico e morfolóxico, pero tamén no sintáctico, no semántico ou na disposición do texto na páxina. A persoa que corrixe pode interpretar como correctos sentidos figurados ou ironías introducidos no texto. Polo de agora ningún aparello electrónico pode chegar a estes graos de profundidade e perfección na análise do texto.

En xeral, o esforzo de corrección persoal é grande. A lectura detida do texto leva tempo. Incluso hai que repetila varias veces e, mesmo así, é probable que o documento siga contendo incorreccións. O corrector está só na súa mesa e o os folios cada vez se amorean máis e máis enriba dela. Nunca foi tan doado crear texto. Incluso textos que non teñen valor poden estar marabillosamente editados. A extensión dos procesadores de texto e, sobre todo, o acceso á Rede fixeron que sexa moito máis rápido crear textos que reparalos. Os tempos dun e doutro proceso xa non van en harmonía. As novas tecnoloxías axudaron máis á creación do texto ca a súa corrección¹⁶. Esta é a nova realidade á que se enfronta a corrección textual.

Xa que logo, cómpre establecer unha serie de técnicas de corrección que posibiliten a súa adaptación aos novos tempos. En primeiro lugar, faremos referencia á corrección co verificador automático. Seguidamente, propoñemos outras formas de corrección: a corrección da totalidade, corrección parcial, analítica e selectiva. Procurarase mostrar en que consisten e cales son os seus resultados.

5.1 O verificador automático

Un corrector ortográfico¹⁷ é unha ferramenta útil para conseguir textos de calidade, xa que facilita a revisión de incorreccións ortográficas e morfolóxicas. Por suposto, a utilización do verificador ortográfico non quita do traballo de ler detidamente o documento. Un corrector ortográfico é, nada máis, un bo complemento para a corrección dos textos.

O funcionamento dun corrector ortográfico baséase en marcar palabras que non ten rexistradas. O funcionamento é así de simple. Se se lle pide máis decepciona, pero se se determina cal é o campo de xogo do verificador automático, convértese nunha ferramenta fundamental no traballo da corrección de textos.

¹⁶ Unha alumna de historia pode “facer” un texto de cen páxinas nunha mañá e pode poñelo enriba da mesa dun corrector para que llo corrixan. É evidente que non se poden ler detidamente cen páxinas nunha mañá e é tamén evidente que hai moitos máis alumnos ca persoas dedicadas á corrección dos seus textos.

¹⁷ Para saber como funciona un corrector ortográfico pódese consultar:
http://www.usc.es/snl/asesora/correccion/corrector_correccion.htm

Ademais, hai que ter en conta que:

- Non todas as palabras dun idioma están contidas nun corrector ortográfico, de xeito que palabras de pouco uso, como as que forman parte da linguaxe de especialidade, adoitan non estar recollidas. Neste caso vanse considerar como "erróneas" ("non rexistradas") palabras correctas.
- Un verificador ortográfico non relaciona palabras nin no seu contido nin na súa construción sintáctica, de xeito que unha frase coma "a can ben falou" vai ser considerada correcta porque cada unha das palabras que a integran é correcta.

Que corrixe un corrector?

Faltas: incorreccións que se cometen nun texto a pesar de que o autor sabe como é a forma correcta. Son basicamente grallas como escribir *cann** no sitio de can, ou non acentuar camion*, malia saber que as agudas rematadas en -n levan til.

Erros: incorreccións que se cometen nun texto motivadas porque o autor non sabe realmente a forma correcta. Un corrector ortográfico tamén pode localizar estas incorreccións e, polo tanto, a súa utilización cumpre unha función formadora. Neste caso a utilización do corrector non só é boa porque corrixe o erro, senón porque se converte nunha forma de aprender autonomamente. Sería o caso da persoa que pon *borde**, porque non sabe que o correcto é *bordo*.

Malia as reticencias existentes coas novas tecnoloxías, a utilización de correctores ortográficos é moi útil desde calquera punto de vista. É un complemento á corrección visual que, coa utilización dos verificadores ortográficos, mellora substancialmente. A razón é que utilizando estas ferramentas a corrección visual pódese centrar nos outros erros. Nunha frase como *O río ten as auga* transparentes**, hai dúas incorreccións: unha ortográfica (*transparentes**) e outra na concordancia de número (*as auga**). Se se corrixe este documento tendo xa pasado o corrector, que detectará inevitablemente *transparentes** como incorrecto, temos moitas posibilidades de detectar a segunda incorrección *unhas auga**, pois a atención estará centrada en localizar incorreccións de ámbitos distintos ao ortográfico.

Quen ten que pasar o corrector?

O corrector ortográfico debe pasalo a persoa autora do documento por tres motivos:

- 1) O responsable da calidade final do documento é o autor. Facerlle este labor, que el pode realizar, non axuda en nada a transmitir esta idea.
- 2) Pasar o corrector ortográfico a un documento é unha boa forma de aprender. Este é un motivo suficiente para convidar os usuarios do servizo a lle pasaren o corrector.

3) A corrección do documento gaña en fiabilidade. Normalmente a persoa que escribe un texto sabe moito máis dos contidos do texto ca o especialista en lingua que llo vai corrixir. Se este corrixir un texto que veña co corrector ortográfico pasado polo propio autor terase que preguntar necesariamente por que este aceptou termos que o verificador dá como incorrectos e el tampouco coñece. Preguntarase se forma parte dalgunha linguaxe de especialidade e, en todo caso, poñerase en contacto co autor para solucionar o asunto dun xeito admitido polas dúas partes¹⁸.

4) O SNL utiliza o tempo en traballos que lle corresponde e abandona aqueles que non lles son propios.

Cando hai que pasar un corrector?

Un corrector ortográfico é unha ferramenta que se pode ter activa cando se escribe o documento, de tal xeito que vaia subliñando as palabras. Existe a opción de lle pasar o verificador antes da derradeira lectura que se lle vai dar ao documento. Se o facemos así, o proceso de lectura/corrección vaise centrar naqueles aspectos da corrección de textos que un verificador ortográfico non é quen de reparar: relacións sintácticas, coherencia, cohesión, adecuación, etc.

Ademais, é aconsellable pasar unha vez máis o verificador ao remate de todo o proceso de corrección, pois reduce a posibilidade de que os cambios que se introducisen nos últimos momentos da creación do texto estean libres de incorreccións ortográficas.

En conclusión,

- quen escribe é quen ten que pasar o corrector ao seu documento;
- a rendibilidade da utilización do verificador gaña cos documentos máis extensos;
- a corrección do texto faise máis fiable;
- a corrección baseada na lectura pódese centrar en elementos textuais que van máis aló da palabra;
- o verificador automático é un elemento formador.

¹⁸ Poñamos por caso a palabra *adsorción*. En principio se o texto non ten pasado o verificador automático, o que vai corrixir o documento pode ver unha falta en *adsorción* por confusión do d polo b, pois entende que o que quere poñer é *absorción*, palabra máis común coñecida por el. Se, pola contra, o texto ten pasado o corrector, que parou seguramente en *adsorción*, o corrector con formación en lingua terase que preguntar por que o autor aceptou esta palabra e así darase conta de que, efectivamente, é unha palabra do ámbito da química que é perfectamente correcta.

5.2 Corrección da totalidade

A lectura detida é a técnica básica da corrección persoal que ten como fin solucionar as incorreccións de todo tipo que o corrector sexa quen de localizar.

Quen corrixe debe aprender a ler como corrector, cousa que non é tan evidente como puidera pensarse. Normalmente, cando alguén le, faino para asimilar un contido, cando alguén le para corrixir o obxectivo da lectura é outro. Cando un corrector acaba de ler un texto de química é normal que teña os mesmos coñecementos desa materia ca antes de comezar a corrección, pois na súa lectura só se aplica á corrección e non á adquisición de coñecementos.

A lectura detida ocupa un tempo considerable. Tendo en conta isto a revisión da totalidade dos documentos só debe ser aplicada a documentos que o merezan. A corrección dunha tese de doutoramento de cincocentas páxinas pode facer que un corrector teña que dedicar case un mes (quince días laborables) en ler o texto. Isto, á parte de ser insoportable economicamente para unha sociedade, é un esforzo desproporcionado para o que supón para a normalización dunha lingua.

A corrección da totalidade do texto débese utilizar para aqueles documentos máis transcendentales e de carácter máis permanente (os estatutos dunha universidade ou un plan xeral de urbanismo dun concello). Non se aconsella, pola contra, para aqueles documentos que non van ter carácter divulgativo (un traballo dun alumno) ou aqueloutros que teñen un carácter efémero (un borrador dun documento para entregar aos integrantes dunha xuntanza).

En conclusión,

- A corrección da totalidade débese centrar en documentos transcendentales e permanentes
- Non se aconsella, pola contra, para documentos que teñen pouca transcendencia e efémeros

5.3 Corrección parcial

A corrección parcial baséase na idea de que hai determinados textos que teñen partes máis importantes ca outras: os acordos dunha xuntanza, as conclusións dunha investigación, publicación dunha parte dunha tese, etc. O que se propón, daquela, é centrar o esforzo de corrección nestas partes. Coa corrección parcial preténdese só a revisión a fondo dunha parte determinada. Ademais pódese escoller esta técnica para a corrección daquelas partes das que o autor está máis inseguro, por estaren máis cargadas de terminoloxía específica ou polas razóns que sexan. Tendo en conta isto, a escolla da parte seleccionada non é ó chou.

Un exemplo: o SNL da Universidade de Santiago dedicaba moito traballo á corrección de proxectos de fin de carreira. Cada proxecto, que eran moitos, tiña unha morea de páxinas, distribuídas en capítulos (prego de condicións, metodoloxía, conclusións...). Decidiuse centrar o traballo de corrección naquelas partes máis importantes.

Como se pode deducir facilmente, esta técnica non pretende a corrección total do documento, polo que non debe ser aplicada como única opción para a corrección dun documento. Recomendamos a combinación desta técnica coa analítica ou a selectiva (que veremos máis adiante).

Con este tipo de revisión, sería axeitado solicitar ao autor que acompañase co documento unha listaxe de problemas terminolóxicos que el percibe na globalidade do documento.

En conclusión,

- Útil para documentos extensos
- Aplícase para as súas partes fundamentais

5.4 Corrección analítica

Unha labrega quere analizar un dos seus terreos. Quere saber para que cultivo é máis aproveitable. O laboratorio vai escoller unhas mostras para a valoración do solo. Con iso chega para analizar as características edafolóxicas do terreo, aínda que nun recuncho del haxa algo máis de pedra ou teña algo máis de acidez. A corrección de textos baseado no método analítico parte desta idea: os escritos creados por un individuo son textos homoxéneos e, polo tanto, unha parte ten que ser semellante lingüisticamente ao todo.

A primeira parte da corrección analítica é, polo tanto, a escolla das partes do texto que se van analizar. Recomendamos que, na medida do posible, se escollan anacos de texto significativos e que estes estean distribuídos por toda a extensión do texto. É lóxico pensar que canta máis cantidade de texto analizado máis fonda será a análise do texto e determinará a exhaustividade da análise, porque dá máis oportunidades para que agromen os erros que o texto ten ocultos.

Á parte de cantidade, débese ter en conta a proporcionalidade; a porcentaxe de texto para analizar. Podemos avaliar, dun documento de mil páxinas, cincuenta (5%), tendo en conta que nesa cantidade de texto xa se repetiron a maioría dos erros ou xa se mostraron as súas características textuais. Mais non podemos establecer esa porcentaxe como suficiente para todos os textos. Nun documento de cen páxinas, non vai abondar con analizar cinco (o mesmo 5%), pois non se van ver moitas das características do texto. Obrigatoriamente, nun texto máis pequeno é necesario subir a porcentaxe de texto. No exemplo, non deberamos analizar menos de vinte e cinco páxinas (25%), o que reduce significativamente a efectividade como técnica de corrección.





Texto base



Texto corrixido

A diferenza entre o texto base e o texto que ao cabo se corrixe é o que determina a rendibilidade da técnica.



Os anacos de textos que se vaian escoller deben estar distribuídos por todo o documento. Aconséllase, polo tanto, recoller anacos do comezo, do medio e do final; recoller partes de capítulos, etc. A razón disto é que os documentos poden estar feitos por distintas mans. Moitas veces un mesmo documento ten varios autores que distribúen as súas partes. Tamén pode pasar que, en documentos moi longos, o autor estivese creando o documento durante moito tempo e entre o principio do proceso de creación e o final, as características do texto mudasen substancialmente. Por último, as partes do documento poden ter unha carga terminolóxica ou léxica específica, de xeito que se se fan as calas con máis frecuencia existe maior posibilidade de recoller estes problemas.

A análise das partes escollidas debe facerse de maneira detida e debe atender a todos os aspectos textuais. Débense anotar desde correccións ortográficas (cambiar ademáis* por ademais), morfolóxicas, ordenación das palabras na frase, extensión de parágrafos, aspectos gráficos, etc.

Unha vez feita a análise toca aplicar as correccións ao resto do documento por parte do autor do escrito, pois o que se pretende, á parte de mellorar o texto, é mellorar a competencia lingüística de quen escribe. Quérese que esa corrección chegue ao autor e non fiquen no texto, no papel.

A comunicación das correccións é unha parte fundamental desta técnica. Se aforramos tempo na análise de porcións de texto menores ca a totalidade, na comunicación non se deben aforrar esforzos. Todo o contrario, a comunicación co escritor debe ocupar tempo en explicar en que consisten os cambios propostos e como reparalos utilizando os medios que os procesadores de texto poñen á nosa disposición.

Ex.:

- ademáis* non leva til, como tampouco o leva animais; busca este texto (en Word preme Ctrl+I e busca "ademáis" e substitúeo por "ademais").

- utilízase de maneira incoherente a segunda forma de artigo (unhas veces utilízase e outras non), para ben se debería harmonizar a escolla. Se queres eliminala, busca (Ctrl+l) "-lo; -la" e substitúeo por "r o; r a". Ten en conta que ademais tes que substituír todos os "tódolos" por "todos os" (pasa o mesmo con "ámbolos" e "tralos").

Como se pode supoñer facilmente, esta técnica de corrección non vai corrixir erros léxicos illados nin tampouco erros tipográficos, que pola súa natureza non se van repetir facilmente (se alguén pon *totalmete, non podemos supoñer que o vai poñer en todo o documento).

É unha técnica ideal para documentos extensos, que utilicen linguaxe común e non se aconsella para documentos pequenos nin para aqueles outros que, pola súa divulgación, vaian ser lidos por moita xente.

En conclusión:

- É útil para documentos extensos
- Como ferramenta para a formación do escritor
- Devolve a responsabilidade do texto ao seu autor

5.5 Corrección selectiva

Unha das propostas da corrección procesal, en contra da corrección tradicional, era a necesidade da corrección dos distintos borradores que van ser as bases do documento definitivo. Este xeito de traballo é importante para converter á corrección de textos nunha boa plataforma para a formación de quen escribe. A corrección selectiva consiste na elección dos elementos que van ser o obxecto da corrección.

Así, en determinada fase do proceso de corrección (borrador 3, por exemplo) o corrector pode centrar a súa tarefa en solucionar (e transmitir) a ordenación dos elementos da frase, na utilización de maiúsculas e minúsculas ou calquera outro aspecto que estime oportuno.

Os fundamentos da elección deben ter en conta, por unha banda, a competencia lingüística do escritor, de xeito que se recollan aspectos que poida asumir e, pola outra, aqueles elementos que o corrector considera máis importante transmitir dependendo do nivel de competencia do escritor.

En conclusión,

- Útil para traballar con persoas que fan uso habitual dun servizo lingüístico
- É moi aconsellable no proceso de formación

5.6 A escolla da técnica

Un traballo que chega a un servizo para a súa corrección vai ter que ser observado nunha primeira instancia para determinar, en primeiro lugar, se merece ou non dedicarlle o tempo de desenvolver este labor. No caso de que se decida que si, que merece a pena, hai que decidir como se vai corrixir. Que técnica ou técnicas se lle van aplicar. Esta listaxe é un exemplo de como responder ante este asunto. Repárese en que todos os tipos de documentos merecen ser corrixindo máis dunha técnica.

X	Obrigatorio
•	Aconsellable
-	Non recomendable

	Verificador automático	Corrección totalidade	Corrección parcial	Corrección analítica	Corrección selectiva
Traballos de alumnos	X	-	-	X	-
Proxectos de fin de carreira	X	-	X	X	•
Impresos dunha institución	X	X	-	-	-
Rotulación dun centro	•	X	-	-	-
Materiais docentes	X	X	-	-	•

6. Didáctica da corrección

Os obxectivos do corrector no ámbito da normalización lingüística son tres: 1) que o texto sexa correcto; 2) que quen escribe acabe aprendendo a través do proceso de corrección e 3) crear escritores autónomos. Para lograr o primeiro obxectivo, quen corrixe debe aplicarse na reparación daqueles aspectos do documento que son mellorables. Para acadar os outros dous debe traballar a comunicación co escritor de maneira que a corrección se converta nun apoio para a súa formación.

Chega un documento para corrixir a través do correo electrónico. Ábrese e o corrector, nunha primeira ollada, xa se dá conta que é un documento que ten moitos problemas. Detecta erros ortográficos (non domina as regras de acentuación nin o uso das maiúsculas); fai períodos moi longos e o texto comunicativamente é confuso (non se entenden partes completas); os formatos tipográficos son heteroxéneos e confunden. O corrector debe saber que grao de **intensidade de corrección lle vai aplicar** (ver parte técnicas de corrección) para lograr o obxectivo de que o documento acabe sendo razoablemente correcto.

Despois debe seleccionar a cantidade e o tipo de incorreccións que vai transmitir ao escritor. Se este ve a corrección do seu escrito produciu dez apuntamentos de distinto tipo por páxina acabará por non miralos. Comunicar, a unha persoa que escribe un texto como o arriba descrito, que as "partículas interrogativas indirectas en galego só levan til en caso de anfiboloxía" non ten sentido por dúas razóns. En primeiro lugar, non entende, probablemente, o que se lle está dicindo. Non sabe identificar unha partícula interrogativa indirecta e menos aínda sabe o que é *anfiboloxía*. En segundo lugar, estáselle dando unha información que non pode asumir nese momento. Acaba de recibir ao mesmo tempo moitas mensaxes e non vai saber discriminar o importante do secundario. Probablemente non vai saber por onde empezar e quizais acabe por non facer nada.

Un exemplo: É lóxico pensar que o mecánico dun taller non lle diga ao dono do vehículo mecanicamente desastroso cada un dos detalles que ten mal. Deberase centrar en conciencialo nos aspectos que teñen que ver co realmente importante: a seguridade. Poderalle dicir que as rodas están en pésimo estado, ou que o coche non frea. Se con ese estado do coche o mecánico se dedica a dicirlle tamén que o climatizador non arrefría correctamente ou que o mando a distancia para abrir as portas non funciona, a información importante e primordial vai quedar diluída entre outra secundaria e desprezable.

Polo tanto, hai que **adecuar o nivel da mensaxe ao nivel do usuario**. Hai que facer un traballo de adaptación ao nivel do que escribe. Cando baseamos a nosa explicación en que o complemento directo da frase non rexe a preposición *a* en determinadas circunstancias, haberá que pensar se que recibe a mensaxe está en disposición de entendela.

Haberá que facer unha **escolla dos erros** que lle imos transmitir seguindo dous criterios: **os fáciles e os importantes**. O primeiros son aqueles que dun xeito moi doado unha persoa determinada pode entender e aplicar perfectamente. Así se dicimos que os adverbios rematados en *-mente* en galego non levan til, a maior

parte das persoas van ser capaces de aplicar esta regra¹⁹. Os importantes son os que afectan ás funcións comunicativas da escrita, é dicir, dise o que se quere dicir? enténdese todo? ése adecuado?

Empezar polo:

- Importante: centrarse no fundamental
- Fácil: centrarse no fácil para aplicar

Nun texto como o seguinte, a corrección tradicional marcaría como erros as incorreccións no ámbito ortográfico e morfolóxicos e, na marxe, ofreceranse as opcións boas:

A.- Agora **estudio** (estudo) cuarto curso de Medicina, **ainda** (aínda) que o meu pai **e** (é)calvo **é (e)** Labrador. O meu pai ten unhas terriñas na ribeira. Eu cursei secundaria en Monforte e a miña nai traballa nun supermercado. O meu pai comezou a perder o pelo cando tiña vinte anos. **Miña (A miña)** familia está constituída polo meu pai, a miña nai, a miña irmá **e máis** (e mais) eu. Estou terminando a carreira, pero a miña **irmán** (irmá) **estudia** (estuda) en Samos. Eu teño **vintetrés** (vinte e tres) anos.

A corrección textual moderna non se conforma con isto. Debe contemplar máis aspectos. O texto correcto debería ser algo así coma o texto (b):

B.- A miña familia está constituída polo meu pai, a miña nai, a miña irmá e mais eu. Cada un ten as súas ocupacións. O meu pai é Labrador, ten unhas terriñas na ribeira. En cambio a miña nai traballa nun supermercado. A miña irmá e mais eu estudamos: ela, en Samos; eu estudo cuarto curso de Medicina e agora teño vinte e tres anos; espero acabar a carreira axiña.

Entre un texto e mais o outro o corrector fixo cambios moi importantes. O autor do documento vai percibir o texto b) como mellor, pero non sabe cales foron os elementos que cambiaron. A corrección, polo tanto, só cumpre a función de reparación de erros, non a de formación do que escribe. É importante, xa que logo, desagregar os cambios e facelos visibles. Para logralo, pódense aplicar as correccións en fases, segundo o criterio de comezar polo fácil e o importante:

1ª fase:

IMPORTANTE: Ordenar os contidos (**negra**)

FÁCIL: Pasarlle o corrector ortográfico (subliñado)

Agora estudio cuarto curso de Medicina, ainda que o meu pai e calvo é Labrador. O meu pai ten unhas terriñas na ribeira. **Eu cursei secundaria en Monforte** e a miña nai traballa nun supermercado. O meu pai comezou a perder o pelo cando tiña vinte anos. Miña (A miña) familia está constituída polo meu pai, a miña nai, a miña irmá e máis (e mais) eu. **Estou terminando a carreira, pero a miña irmán estudia en Samos**. Eu teño vintetrés anos.

2ª fase

IMPORTANTE: Reparar nas repeticións

FÁCIL: Mirar os posesivos, que en galego levan artigo agás nos casos de parentesco

“**A miña familia** está constituída polo **meu** pai, a **miña** nai, a **miña** irmá e mais eu. **O**

¹⁹ Pódese dicir que pode buscar automaticamente co procesador de texto a secuencia “mente” para que ela mesma vaia substituíndo naqueles casos onde houbese erro.

meu pai é calvo e labrego e ten unhas terriñas na ribeira; **a miña nai** traballa nun supermercado. **O meu pai** comezou a perder o pelo cando tiña vinte anos. Eu teño vinte e tres anos. Cursei secundaria en Monforte; agora estudio cuarto curso de Medicina e estou terminando a carreira. A **miña** irmán estuda en Samos.

3ª fase

IMPORTANTE: Impertinencias, cousas que sobran

FÁCIL: Estudo/estudio; irmán/irmá

“A miña familia está constituída polo meu pai, a miña nai, a miña irmá e mais eu. **O meu pai é calvo** e labrego e ten unhas terriñas na ribeira; a miña nai traballa nun supermercado. Eu teño vinte e tres anos. Cursei secundaria en Monforte; agora **estudio** cuarto curso de Medicina e estou terminando a carreira. A miña **irmán** estuda en Samos.

Fase final

IMPORTANTE: reordenación dos elementos textuais

FÁCIL: Introducción de marcadores textuais

A miña familia está constituída polo meu pai, a miña nai, a miña irmá e mais eu. **Cada un** ten as súas ocupacións. O meu pai é labrador, ten unhas terriñas na ribeira. **En cambio** a miña nai traballa nun supermercado. A miña irmá e mais eu estudamos: ela, en Samos; eu estudo cuarto curso de Medicina e agora teño vinte e tres anos; espero acabar a carreira axiña.

Neste xeito de corrixir trabállase, por unha banda, a corrección global do documento e tamén o aspecto comunicativo da corrección. Probablemente a persoa que recibe o contido das correccións así, vai ser quen de aplicalos nalgunha medida nos seus documentos futuros. Non é acaso máis reconfortante aplicarse nesta tarefa formativa que non dedicarse, unha e outra vez, a desenvolver unha tarefa simplemente coercitiva.

6.1 Por que non transmitir o ben feito?

Na tarefa de corrección interveñen dous individuos: un que corrixe e outro ao que se lle corrixe, transmitíndolle as cousas que fixo mal; convértese nunha actividade que transmite sempre sensacións negativas. Esta non me parece a mellor maneira de conseguir os efectos desexados do labor de corrección.

Nun texto como o de máis arriba (a) o corrector ten moito que facer: debe corrixir moitas cousas e debe conseguir que o escritor mude os seus hábitos na súa competencia escrita. Mesmo con ese nivel de texto –desastroso– o corrector deba transmitir ao seu autor, ao pé de cousas que debe mellorar, que hai aspectos do seu texto que son positivos.

Ollo	NON ESTÁ MAL
Selecciona o que queiras transmitir, ao mellor non lle interesa a todo o mundo que o teu pai sexa calvo. Organiza as ideas e dálle unha orde lóxica.	Non che faltan ideas, e iso é impagable. Puntúas ben.

Na derradeira fase, o texto (b) que dabamos como bo, non se debera perder a oportunidade de comunicar cousas que aínda se poderían mellorar. Tampouco debe faltar a valoración positiva do texto.

Olo	ESTÁ BEN
Non abusarás moito do punto e coma...	Escribes ben e os teus escritos teñen frescura, que máis se pode pedir?

Dicir o bo ten dúas vantaxes fundamentais:

1. Transmitimos tamén cousas positivas: o proceso de corrección convértese pois en algo que pode ser agradable. É posible que, traballando desta forma, teñamos máis persoas utilicen o noso servizo.
2. Aséntase no escritor os hábitos saudables: o proceso de corrección debe, á parte de corrixir os defectos, asentar as virtudes do que escribe.

7 O aspecto da corrección

A corrección tradicional mostra os erros que cometera o escritor co único propósito de que quedasen ben visibles. O papel queda manchado de cores onde se tacha texto e se pon, na marxe, a proposta correcta. Nesa escola todos os erros móstranse co mesmo aspecto. Algo grave vai tachado en vermello; algo mellorable ou, simplemente, unha nova proposta por parte do corrector tamén. O resultado é que o escritor a quen se lle corrixe ve manchas e manchas. Cada mancha un erro e cada erro un fracaso.


O aspecto da corrección, como percibe o escritor as correccións que se propoñen, debe coidarse e responder ás necesidades didácticas que debe primar en calquera proceso correctivo. En todo caso, as marcas da corrección non deben ser esaxeradas. Cómpre, en consecuencia, ser **comedido**.

Sería bo tamén empregar marcas que fosen **consecuentes** coa calidade do erro. Hainos que merecen unha marca ou unha chamada de atención que alerte ao escritor de que comete un erro *grave* mentres que outros, no caso de querer transmitirlos, débense comunicar graficamente dun xeito que sexa proporcionado á lixeireza do erro.


As marcas da corrección deben ser **comprensibles** polo que é necesario establecer un código que se entenda por parte do usuario.

7.1 No ordenador

As ferramentas de procesamento de texto permiten facer visibles os cambios aos que se somete un documento. Son ferramentas de **control de cambios**; para activar esta opción hai que ir a *Ver>Barras de ferramentas>Revisión*.




Aparecerá unha barra como esta, coa que terá que ir traballando para deixar o documento corrixido segundo os seus criterios:



O usuario deberá recibir unha mensaxe deste tipo:

“Vostede acaba de recibir o seu documento corrixido co sistema de *control de cambios*, isto posibilita facer visibles os cambios que se lle propoñen. Así vostede pode ir aceptando (ou rexeitando) cada un deles. Tamén vai inserido algún comentario que pretende clarear algunha cuestión referente ao seu documento. Se tivese algunha dúbida sobre este particular, póñase en contacto con...”

O aspecto do documento é semellante ao da pantalla que se amosa máis abaixo. O texto introducido vén marcado cun subliñado mentres que o eliminado aparece na marxe.



O sistema chámase “control de cambios” e é un nome moi apropiado. Á parte de ensinar á persoa corrixida, mostra as correccións ás que se somete o documento. Unhas correccións son boas, a maioría, pero hai outras que son correccións *erradas*, que non se deberan facer. Se o texto se entrega corrixido pero non dunha forma visible, probablemente o autor dará por boas todas as correccións que supostamente

melloran o seu documento. Isto ás veces é fatal²⁰ pois introdúcense nos documentos inexactitudes ou erros de vulto que afectan á calidade dos contidos do texto.

Ademais, o sistema de control de cambios permite inserir comentarios sobre aspectos xerais do documento (redacción, puntuación, etc.) ou sobre calquera aspecto sobre o que o corrector queira chamar a atención. Este pode ser o sitio adecuado para a formación do escritor. Aquí pódense **matizar as correccións** (“cambio isto por isto, non porque sexa incorrecto, senón porque me parece que é máis rigoroso dicilo así...”), **chamar a atención** sobre aspectos que merecen moita importancia (“este parágrafo non se entende nada, proba a reducir o número de palabras na frase a ver se así”), **afianzar** cousas que se fan ben (“perfecto, agora si que se entende ben a idea”), etc.

O sistema de control de cambios asegura tamén que os textos eliminados ou os comentarios do texto non van ser impresos. Teño visto algunha vez isto: na versión definitiva dunha tese, encadernada e todo, ver algúns comentarios de quen a dirixiu.

7.2 Sobre o papel









No soporte tradicional tamén debemos coidar o aspecto co que despois da corrección deixamos o texto. Calquera pintada de máis pode ser mal interpretada polo usuario. O tamaño das anotacións importa, pois percíbense como de maior importancia. Porén, o que corrixe utiliza o tamaño das marcas de xeito anárquico. Unhas veces fainas moi evidentes e outras case non se ven e o erro é o mesmo!!! O resultado é que un texto que, pode estar ben nos aspectos máis importantes da escrita, está cheo de manchas, e para máis vermellas.

Propoñemos unha utilización das marcas comedida. Se hai algo sobre o que se quere incidir, pódese facer unha anotación á marxe, noutro folio, ou nunha nota que se envíe canda o texto.

A seguir, poñemos nunha táboa unhas marcas gráficas que se poden utilizar no proceso da corrección. As marcas na corrección no ámbito editorial son máis abondosas. Indican con moita exactitude o defecto textual para a súa reparación. No ámbito editorial funciona, porque este proceso faise normalmente entre persoas que traballan permanentemente neste ámbito: un editor, un maquetador, etc. Pola contra, no ámbito da normalización o usuario é, moitas veces, circunstancial e, en todo caso, nunca é un profesional da corrección: é unha profesora universitaria, un administrativo que quere ver que tipo de erros comete nos seus textos, etc. Neste caso, non se entendería o establecemento dun código na corrección complicado de máis.

²⁰ Lembro que unha vez chegou ao SNL da Universidade un texto do ámbito da Química para corrirmos. Nel aparecía unha ou dúas veces a palabra *adsorción*. Nós, por non coñecer a palabra, démola por incorrecta, ao pensar que o autor tivera un erro máis: confundía o b e o d por estar sometido ao efecto espello de mesturar as dúas letras. O texto, para unha persoa con formación lingüística quedaba moi ben así, ou sexa mal. O caso é que a *adsorción* é un proceso polo cal átomos, ións ou moléculas son atrapadas ou retidas na superficie dun material, en contraposición á *absorción* que é un fenómeno de volume. Adsorción era correctísimo. Non había efecto espello, o efecto era o da ignorancia do corrector (a miña ignorancia) no ámbito da química

Táboa de marcas para a corrección en papel

conexo coello	Erro para corrixir.
ferretería ferraxaría	Suxestión. Palavra que non está mal empregada pero que se debería cambiar pola forma suxerida.
	Colocación errónea; nova colocación.
	Problemas de espazado.
	Parágrafo con dificultades: non se entende moi ben o que se quere dicir.
	Parágrafo que debería reestruturarse e reelaborarse. Á beira daríase a opción proposta.
.....(.....).....	Posibilidade de omisión (quizais polo uso reiterado) dentro do texto.
deacordo	Segmentación de palabras que ou ben están escritas de maneira errónea ou ben se produciu algún erro tipográfico.
	Símbolo que se utiliza para marcar os espazos que hai de máis dentro dun documento.
	Subliñado que marca un segmento que debe ir en letra cursiva ou en letra negra, segundo os casos.
¡¿.....?!	Palavra descoñecida polo corrector ben por non aparecer documentada en ningunha das nosas fontes lexicográficas ou ben por estar fóra do contexto en que se insire.
	Letras cambiadas de orde.
	Falta algo: artigo, texto...

8 CONCLUSIONES

A corrección de textos é a tarefa que máis tempo ocupa nos servizos de normalización. Con medios limitados, moitas veces con servizos unipersoais a tempo parcial, os servizos dedican a maior parte dos seus esforzos á corrección de textos. É necesaria unha fonda reformulación dos labores que se desenvolven nos servizos de normalización nesta materia. A corrección de textos non pode absorber todos os esforzos dedicados ao proceso. Os labores de asesoramento, xunto cos de dinamización e formación, deben formar unha maquinaria coordinada, de xeito que se concerten medios e esforzos para unha acción común: a normalización do idioma nunha contorna determinada. **A corrección de textos ten que desenvolverse dentro dunha acción global e planificada polo servizo.** Ten que ser este quen determine quen van ser os seus usuarios, que documentos se van corrixir e como se vai facer a corrección.

A corrección no ámbito da normalización do idioma ten que procurar dous obxectivos: en primeiro lugar, colaborar na consecución de **textos de máis calidade**; en segundo lugar, utilizar a corrección de textos para a **formación do escritor**. Con esta perspectiva o obxectivo da corrección de documentos é tamén quen o escribe. Para logralo, cómpre mudar a comunicación entre os dous actores do proceso: autor e corrector. Hai que mellorar a expresión da corrección en dous sentidos: por un lado, comunicar principalmente o que poida ser asumido polo escritor (pódese comezar por expresar o importante e o fácil); polo outro, a comunicación da corrección debera valer tamén para comunicar o positivo. Dicar “isto está ben” axuda a asentir formas adecuadas na expresión da escrita e a considerar a corrección como unha tarefa de colaboración para a creación textual. A formación lingüística do individuo ten ademais outro fin fundamental: dá **autonomía ao escritor**, paso fundamental para a normalización dun idioma.

A normalización do idioma non é un proceso doado. O traballador en normalización lingüística traballa con medios limitados e só lle queda ser máis eficiente. Preguntarse cada día se pode desenvolver mellor o seu labor é a única forma de lograr gañar a causa.

9 Bibliografía

- CASSANY, D. *Descriure escriure. Com s'aprèn a escriure*. Barcelona: Empúries, 1987
- *Reparar l'escriptura. Didàctica de la correcció de l'escrit*. Barcelona: Graó Ed./ICE Universitat de Barcelona, 1993
 - *La cuina de l'escriptura*. Barcelona: Empúries, 1993
 - *Rere les línies*. Barcelona: Empúries, 2006
- DUBERT GARCÍA, Francisco (2008) “De ciencia, ideoloxía e valores lingüísticos en Galicia: unha reflexión”, en M. Brea, F. Fernández Rei e X.L. Regueira (eds.) *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 353-361, 2008.
- “Breves notas sobre o ensino da lingua e o ensino da gramática”, en R. Lorenzo (coord.) *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 99-113. 2002.
- MONTEAGUDO ROMERO, Henrique. “Sobre e a polémica da normativa do galego”. *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 1995:197-229.

Ctnl

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

www.ctnl.org